

**ACTA Nº 09(13/11/19)
COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN
TEMPADA 19-20**

En Vigo, sendo as vinte horas do día 13 de Novembro do 2019, reunido o Comité Territorial de Competición para coñecer os incidentes habidos nos respectivos encontros e sobre os que se detallan os seguintes:

1º.-Aprobar os resultados dos encontros celebrados os días 9 e 10 de Novembro de 2019 correspondentes as categorías 1ª División Autonómica Masculino, 1ª División Autonómica Feminina, 2ª Autonómica Masculino, D.Honra Xuvenil Masculino e Feminina, 2ª División Honra Xuvenil Masculina, D.Honra Xuvenil Masculino e Feminina, D.Honra Cadete Masculino e Feminina, D.Honra Infantil Masculina e Feminina , 2ª División Cadete Masculino e Feminina, 2ª División Infantil Masculino e Feminina.

2º.-DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL MASCULINO

2.1.-PARTIDO:Laber XIRIA-AD.CARBALLAL

2.1.1.-Sancionar con suspensión temporal de UN (1) encontro de Competición Oficial ao ADESTRADOR do Clube A.D. XIRIA, D. JOSE ANTONIO GARCIA MARTINEZ, pola comisión dunha infracción do art. 35 en relación co art. 34 D) do RRDG por terse dirixido de xeito ofensivo e amenazante aos colexiados do encontro

3º.- DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININO

3.1.-PARTIDO:Mecalia ATL.GUARDÉS-Asmubal MEAÑO

3.1.1.-Sancionar con APERCIBIMENTO ao Clube MECALIA ATL. GUARDES, polo comportamento ofensivo dun dos seus afeccionados cunha xogadora do equipo contrario (menor de idade). Infracción do art. 53 A) do RRDG

4º.-2ª DIVISIÓN XUVENIL MASCULINA

4.1.-PARTIDO: SD.EUMESA Pontedeume-BM,CAMARIÑAS Conservas Boya

4.1.1.-Sancionar con APERCIBIMENTO ao ADESTRADOR do BM CAMARIÑAS, D. JUAN RAMON CANOSA FERREIRA, pola comisión dunha infracción do art. 35 en relación co art. 34 A do RRDG

4.2.-PARTIDO:AD.CARBALLAL-RASOEIRO BM.

4.2.1.-Sancionar ao Club RASOEIRO Bm., cõa cuantía de 48€(CUARENTA E OITO EUROS), póla ausencia de CATRO(4) XOGADORES, segundo o artigo 24 g) do NOREBAGA

4.3.-PARTIDO:SPOT BALONMÁN CAÑIZA-BALONMÁN CHAPELA

4.3.1.-Sancionar ao Club B.CHAPELA, con multa de 15€(QUINCE EUROS) pola non identificación validada do Adestrador (D.Angel RIVEIRO FONTAN, segundo establece o artigo 26a) do NOREBAGA eo artigo 54F) do RRDg

4.3.2.-Sancionar ao Club B.CHAPELA, con multa de 15€(QUINCE EUROS) pola non identificación validada do Oficial (D.Manuel GONZÁLEZ COVELO) segundo establece o artifo 28a) do NOREBAGA eo artigo 54F) do RRDg.

5º.-DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA

5.1.-PARTIDO:GALICIA SOCIAL-B.PABELLÓN OURENSE

5.1.1.-Apercibimento de sanción ao Club ao Club GALICIA SOCIAL ., póla ausencia de UN(1) Xogador, segundo establece ao artigo 24g)do NOREBAGA

6º.-2ª DIVISIÓN CADETE MASCULINO

6.1.-PARTIDO:BM.CULLEREDO Serye Ingenieros-Escuelas Deportivas POIO

6.1.1.-Apercibimento de sanción ao Club ao Club Escuelas Deportivos POIO ., póla ausencia de TRES(3) Xogadores, segundo establece ao artigo 24g)do NOREBAGA

7º.-2º DIVISIÓN INFANTIL FEMININA

7.1.-PARTIDO:BALONMÁN TUI-REBUSCA 46

7.1.1.-Téndose amosado CARTÓN VIOLETA ao ADESTRADOR do Clube REBUSCA 46, D. ALBERTO MIGUELEZ SALES, establécese que o resultado do encontro foi o seguinte.-

BALONMAN TUI: 10 – REBUSCA 46 RIBEIRO: 0

Polo conducto establecido notificarse ao Adestrador sinalado a resolución de incoación de procedemento extraordinario sancionador.

7.2.-PARTIDO:B.CHAPELA-E.D.POIO

7.2.1.-Apercibimento de sanción ao Club ao Club Escuelas Deportivos POIO ., póla ausencia de CATRO(4) Xogadores, segundo establece ao artigo 24g)do NOREBAGA

8º.- GRAVACION ENCONTROS

En Asamablea Xeral Ordinaria de 06 de Xullo de 2019 aprobouse a obrigatoriedade dos Clubes de subir á plataforma habilitada na web da Federación Galega de Balonmán nunha calidade apta para a súa visualización todos os encontros das categorías Senior e categorías inferiores de División de Honra. Os videos deben estar subidos antes do xoves da semana posterior ao encontró ás 20.00 horas. O incumprimento desta obriga conleva unha sanción de 30,00 euros por encontro.

En consecuencia co anterior, procédese asancionar aos clubes que non cumpriron con esa obriga na **xornada do 2 e de Novembro.**

8.1.-Goldie AD.XIRIA

Impoñer unha multa de 30,00 euros por incumprimento de gravación en 1ª Aut. Fem

8.2.-BM LALIN

Impoñer unha multa de 90,00 euros por incumprimento de gravación en D.H. Xuv.

Masculino, D.H. Cadete Masculino e D.H. Infantil Masculino

9º.-CORRECCION DE ERROS ACTA Nº 5. Gravación Vídeos

9.1.- Corrección punto 15.22. Acta nº 5

A sanción de Apercibimento imposta ao BM NARON por incumprimento de gravación en D.H. Infantil Masculino queda sen efecto

10º.-CORRECCION DE ERROS ACTA Nº 7. Gravación vídeos

10.1.- Corrección punto 12.14. Acta nº 7

A sanción de multa de 30,00 euros imposta ao BM NARON por incumprimento de gravación en D.H. Infantil Masculino queda sen efecto

11º.-BAIXAS

11.1.--Autorizar, segundo ao artigo 38 do NOREBAGA. o trámite da seguintes baixas :

-JORGE PAZOS NUÑEZ (Club Cisne Balonmán) Cadete

12º.-CAMBIO DE DATA DE ENCONTROS

12.1.- Autorizados os cambios dos seguintes encontros:

- 2ª División Cadete Feminina **Brigantium-Ub.Lavadores 24/11/19 ás 11:30 hs**
- División H.Infantil Feminina **Faro de Vigo AD.Carballal-B.Rasoeiro 04/12/19 ás 19:00**

a)-**CALQUERA** incremento de gastos de arbitraje que se orixine polos cambios de data dos encontros, correrán a cargo do club solicitante con independencia do pago do fondo arbitral, conforme ao previsto no artigo 130.a), párrafo 3º, do Rgto. de Partidos e Competición

b)- **REQUERIR** aos club **Ub.LAVADORES e Faro de Vigo Ad.CARBALLAL** o pago de trinta euros (30 €) en concepto de taxas pola solicitude do cambio de data e horario dos encontros arriba mencionados, sen mediar causa de forza maior, de conformidade co disposto no artigo 130 del Rgto. de Partidos y Competiciones, importe, que ven especificado no artigo 21.a) e b) do NOREBAGA/2015- 16.

13º.-RECURSOS

Contra os devanditos acordos poderase interpoñer recurso ante o COMITÉ TERRITORIAL DE APELACIÓN no PRAZO MÁXIMO DE DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte o da súa notificación, previo pago das taxas correspondentes, cuxo importe TRINTA EUROS (30€) deberá remitirse por medio de cheque xunto co escrito do recurso. Todo iso segundo establecen os artigos 110 e seguintes do RRDg e o 52 f) do NOREBAGA.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O PRESIDENTE DO COMITÉ
TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

Asdo.Ismael Gómez Solla
(asinado no orixinal)

O SECRETARIO DO COMITÉ
TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

Asdo. Mª Luz Sanromán Roade
(asinado no orixinal)